

# PINTAMOS CON XEO

Esta actividade consiste en fabricar e pintar con cubiños de xeo de cores. Para iso necesitaremos:

- unha bandexa de cubiños de xeo
- vasos (tantos como cores queramos facer)
- colorante alimentario (ou témperas)
- un papel grande o máis gros e resistente posible ou ben poner baixo o papel un cartón.
- paños de xeadado, depresores ou metades de pinzas (esta é opcional, podedes coller os cubiños coas mans ou cunhas pinzas de cociña para non enfriarvos demasiado).

A preparación é ben doada: o único que temos que facer é botar en cada vaso con auga colorante alimentario ou témpera (hai que botar bastante para que a cor do xeo pinte ben). Logo encher os distintos compartimentos da bandexa de xeos e introducir un paño, depresor ou media pinza para que se podan coller os cubiños. Despois, ao conxelador!



Podemos facer tantas cores como queiramos, pero con ter os cubiños de xeo en azul, vermello e amarelo é suficiente, porque así podemos xogar a mesturar e crear outras cores novas.



Só queda botarlle imaxinación e creatividade, a ver que obras de arte podes crear. Tamén podes xogar a pintar o corpo para refrescarvos se queredes.

